



CONCELLO DE ARANGA

ANUNCIO CONVOCATORIA E BASES DE CONCURSO OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD D EDÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO POR PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2022).

Por acordo da xunta de goberno local do 29/02/2024 , aprobouse a convocatoria do concurso-oposición e as bases reguladoras do proceso , para a cobertura en propiedade, polo sistema de promoción interna, de dúas prazas de funcionario da Administración xeral, vacantes na RPT e incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022, que foron previamente obxecto de negociación:

Código	Denominación	Grupo	Nivel CD	Nºprazas
01.00.00.05	Administrativo(Secretaría)	C1	20	1
01.00.00.06	Administrativo (Intervención)	C1	20	1

Asi mesmo acordou publicar o texto das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios de Sede electrónica de Aranga sede.aranga.gal.

A convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, sendo a data da publicación no BOE a que serve para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL DE DÚAS PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA, ADMINISTRATIVO C1, VACANTES NO CONCELLO DE ARANGA E INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases a regulación da convocatoria e o proceso selectivo para a cobertura mediante a modalidade de concurso-oposición, por persoal funcionario de carreira e mediante promoción interna, de dúas prazas da Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa (C1) incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Aranga correspondente ao exercicio do ano 2022, aprobada por Resolución de Alcaldía do 09/08/2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 153 de 12 de agosto de 2022 e no Diario Oficial de Galicia número 171 de 08/09/2022.

O proceso de selección encádrase dentro da planificación xeral dos recursos humanos incluíndo a promoción interna das prazas e a amortización das prazas de orixe.

As características das prazas a cubrir son as seguintes :

Código	Grupo	Subgrupo	Escala	Subescala	Sistema acceso	N.º vacantes
01.00.00.05	C	C1	Administración xeral	Administrativa (Secretaría)	Promoción interna	1
01.00.00.06	C	C1	Administración Xeral	Administrativa (Intervención)	Promoción interna	1

- 1.- O sistema selectivo é o de concurso-oposición por promoción interna vertical.
- 2.- Xornada laboral: completa.
- 3.- Nivel :20.
- 4.- Vínculo: funcionario/a de carreira.

5.-Complemento específico: o que figura na RPT do concello de Aranga

6.- Funcións: as descritas na RPT do concello de Aranga

SEGUNDA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime xeral
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril que aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo da administración local de Galicia.
- Real Decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro que aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- Lei 30/1984 de 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública
- Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, que establece as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- Supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o Regulamento de Ingreso de persoal ao servizo da Administración do Estado.
- Decreto 93/1991, de 20 de marzo, que regula a selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma dos funcionarios de Galicia.
- A RPT do concello de Aranga.

TERCEIRA. Sistema de selección.

O sistema de selección será concurso-oposición de acordo co previsto na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante LEPG) e no Real Decreto lei 5/2015 de 30 de outubro que aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TREBEP).

CUARTA. Requisitos de admisión de aspirantes.

De acordo co establecido no artigo 80 da LEPG , en relación co artigo 18 do TREBEP , para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser funcionario/a de carreira do Concello de Aranga, pertencendo ao Grupo C. Subgrupo C2 da Escala: Administración Xeral; Subescala: Auxiliar, de acordo co artigo 76 do TREBEP.
- b) Ter una antigüidade de, polo menos, dous anos como persoal funcionario de carreira no corpo ou escala desde o que se accede, segundo o disposto no artigo 18.2 do TREBEP o artigo 80.1.b) da LEPG.
- c) Non superar a idade de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o título de bacharelato ou técnico ou titulación equivalente; a tal efecto estarase ao disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño (BOE do 17/06/2009), pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. O persoal que non estea en posesión do título esixido, poderá participar no proceso selectivo en caso de contar cunha antigüidade mínima de 10 anos na subescala auxiliar.

e) Estar en posesión do CELGA 4, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos da Orde de 16 de xullo de 2007 e da Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o anterior, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base novena e que cualificará ao aspirante como apto ou non apto.

QUINTA.- DEREITOS DE EXAME

De acordo coa vixente Ordenanza fiscal municipal da Taxa de inscrición en probas selectivas do Concello de Aranga, publicada no Boletín Oficial da Provincia n.º 110 do 10/06/2022, os dereitos de exame fíxanse en 25,00 € que poderán satisfacerse mediante transferencia bancaria dirixida ao Concello de Aranga, co número de conta: Abanca ES35 2080 0092 1731 1000 0054.

SEXTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: FORMA, PRAZOS E DOCUMENTACIÓN.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo presentaranse , debidamente cumprimentadas e asinadas, dirixidas ao Sr.Alcalde-Presidente do Concello de Aranga, no modelo oficial que figura como Anexo I ás presentes bases, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, facendo constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza á que se opte.

Poderán presentarse no Rexistro Xeral do concello de Aranga, na Sede Electrónica de Aranga (<https://sede.aranga.gal>) ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Se a instancia se presentase vía correo, deberá aparecer o selo da correspondente oficina de correos na devandita solicitude e comunicarse simultaneamente ao Concello de Aranga por correo electrónico á dirección correo@aranga.gal.

Non se admitirán as solicitudes que non se formulen no modelo oficial do anexo I.

Así mesmo, as bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello, inseríndose anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 205.4 da LEPG.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

Xunto coa solicitude para participar neste proceso selectivo (anexo I) as persoas aspirantes deberán achegar inescusablemente a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Documento nacional de identidade ou documento identificativo.
- b) Fotocopia da titulación académica esixida na base cuarta das presentes ou acreditación da antigüidade que dispensa o requisito da titulación.
- c) Xustificante do abono da taxa de dereitos de exame.
- d) Acreditación do coñecemento do idioma galego, se se dispón dela. En caso contrario, a persoa aspirante realizará a proba do coñecemento do idioma galego, debendo acadar a cualificación de apto.
- e) Relación de méritos que se acrediten, acompañada da copia dos documentos xustificativos. Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados en todos os seus extremos dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración e valoración os documentos que se acheguen con posterioridade ao remate do dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fóra de prazo.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, ou outro órgano competente ao efecto, que acredite tal condición; debendo achegar, así mesmo, certificado dos citados órganos, ou da administración sanitaria competente, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. Debendo advertir, igualmente, xunto á presentación da solicitude, de ser o caso, se precisaran algún tipo de adaptación nas probas a desenvolver.

A documentación achegada presumirase auténtica e unicamente será esixida documentación orixinal ás persoas que sexan seleccionadas.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, se fora o caso, con indicación do motivo da exclusión, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello.

As persoas aspirantes excluídas, así como as omitidas na relación de admitidos/as ou excluídos/as disporán dun prazo improrrogable de 10 días hábiles, que comezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución, para presentar reclamacións, alegacións ou emendas de deficiencias ou erros, segundo o disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os/As aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo. De non presentarse reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

As alegacións/emendas serán aceptadas ou rexeitadas por Resolución da Alcaldía, que será obxecto de nova publicación no Boletín Oficial da Provincial e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Nesta resolución aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo e farase constar o día, hora e lugar en que deberá realizarse o primeiro exercicio de selección, servindo de convocatoria para os/as aspirantes, que deberán presentarse provistos do DNI ou documento que acredite fidedignamente a súa personalidade.

O chamamento para posteriores exercicios farase mediante a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Aranga.

Na mesma resolución de aprobación da lista definitiva, farase constar a designación nominal do Tribunal.

O feito de figurar na lista de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpor potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da publicación.

OITAVA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal cualificador do proceso selectivo designarase por Resolución da Alcaldía de conformidade co artigo 60 do TREBEP e farase constar na resolución de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

De acordo co establecido no artigo 59 da LEPG os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O número dos membros dos Tribunais nunca será inferior a cinco, así mesmo, a súa composición será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

O tribunal estará conformado polos seguintes integrantes:

- Presidente titular e suplente: funcionario/a de carreira pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior ao do posto convocado.

- Vogais titulares e suplentes: tres funcionarios/as de carreira pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior ao do posto convocado.

- Secretario/a titular e suplente: Secretaria do Concello de Aranga ou persoa que legalmente a substitúa que cumpra o previsto no artigo 59.2 da LEPG e 60.2 do TREBEP.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade máis un dos seus membros titulares ou suplentes, requiríndose en todo caso a asistencia do presidente e do secretario. As decisións adóptanse por maioría dos votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do presidente.

Para os efectos da percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que corresponda, segundo o Real Decreto 462/2002, de 24 de marzo.

A proposta do tribunal terá carácter vinculante, sen que, en ningún caso, poida declarar que teñen superado as probas selectivas un número maior de aspirantes ao número de prazos convocadas.

NOVENA. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

O proceso de selección dos aspirantes constará de dúas fases:

- Fase de oposición.

- Fase de concurso.

FASE DE OPOSICIÓN

O lugar, data e hora de comezo de celebración das probas selectivas determinarase na resolución da alcaldía que aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos a que se refire a base sétima. A celebración dos restantes exercicios será fixada polo tribunal e será obxecto de publicación exclusivamente no taboleiro de anuncios da sede electrónica de Aranga.

Os/As aspirantes serán convocados/as por orde alfabético do primeiro apelido para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores/as, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos colaboradores e especialistas designados. Para a realización dos exercicios, farase un chamamento a viva voz, e declararase decaído no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído do proceso selectivo.

Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante a sala ou aula na que esta teña lugar. Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os/As aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares etc.) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas.

O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión da persoa aspirante do lugar do exame e que non se corrixa o seu exercicio.

Excepcionalmente, o tribunal permitirá o uso de determinados aparellos electrónicos se estes fosen necesarios e imprescindibles para a realización dalgúns dos exercicios, o cal deberá de facerse constar de forma expresa na convocatoria do día e hora de celebración do exercicio.

Adaptacións por razóns de discapacidade: As persoas que, pola súa discapacidade, presenten especiais dificultades para a realización das probas, poderán requirir na súa solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempos e medios oportunos das probas do proceso selectivo. Para iso o Tribunal aplicará as adaptacións de tempos previstas na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade ("Boletín Oficial do Estado" do 13 de xuño). Os/As interesados/as deberán realizar a petición ao solicitar a participación na convocatoria e tamén deberán achegar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade, que acredite de forma irrefutable a/s deficiencia/s que dean orixe ao grao de discapacidade recoñecido, para que o Tribunal poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada. A adaptación non se outorgará automaticamente, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba a realizar.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde da oposición naqueles aspectos previstos ou non nestas bases.

Concluída a realización dos exercicios da oposición o Tribunal cualificador fará pública a relación de aspirantes que os superasen, coa indicación da puntuación ou cualificación obtida.

A fase de oposición, que se realizará con carácter previo á fase de concurso, terá unha valoración máxima de 60 puntos e consistirá na realización de dúas probas: un exame teórico-práctico relacionado con algunha das materias do temario, de carácter obrigatorio e eliminatorio, e nunha proba do idioma galego de carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non estean exentos da súa realización.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

PRIMEIRO EXERCICIO:

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 90 minutos, un ou varios supostos prácticos con preguntas de carácter teórico. Valorarase neste exercicio o coñecemento da materia, as habilidades profesionais e a súa correcta realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 30 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO:

De carácter obrigatorio para tódolos aspirantes, a excepción dos que teñan acreditado o título CELGA-4 ou equivalente que estarán exentos de realizar o dito exercicio.

Consistirá na tradución escrita nun tempo máximo de 1 hora dun texto de galego a castelán ou de castelán a galego, a proposta do Tribunal e sen axuda de dicionario.

Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto/a; quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non acaden a dita cualificación de apto.

FASE CONCURSO:

Rematada a fase de oposición levarase a cabo a fase de concurso das persoas que superaron a fase de oposición. A fase de concurso non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición. Nesta fase comprobaranse e cualificaranse os méritos achegados polas persoas aspirantes e que necesariamente terán sido presentados xuntamente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

Para o devandito concurso acompañarase relación circunstancial dos méritos que se aleguen, unindo á devandita relación os documentos acreditativos daqueles, pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden acreditados no prazo de presentación de instancias.

Os méritos aos que se fai referencia neste baremo deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias computándose en calquera caso, ata a dita data, sendo valorados así mesmo só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

A puntuación máxima da fase de concurso será de 40 puntos, non sendo necesaria unha puntuación mínima para superar a fase de concurso. A puntuación obtida será sumada á acadada na fase de oposición.

Os méritos que se acrediten serán valorados segundo segue:

Experiencia: A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 25 puntos.

Valorarase os servizos prestados en postos encadrados dentro do grupo C, subgrupo C2 da escala de administración xeral, subescala auxiliar de calquera administración pública, a razón de 0,15 puntos por mes completo de servizos prestados.

A experiencia profesional acreditarase a través do certificado dos servizos prestados emitido pola Administración correspondente, que fará constar os servizos prestados, funcións desenvolvidas e deberá acompañarse de certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O persoal que non estea en posesión do título esixido, poderá participar no proceso selectivo en caso de contar cunha antigüidade mínima de 10 anos na subescala auxiliar. De constituír dispensa do requisito para o acceso por falta de titulación, os 10 anos de antigüidade non serán computados como mérito.

Formación. A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 15 puntos.

Os/As aspirantes deberán presentar xuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo, unha relación de méritos que aleguen, enumerado segundo a orde establecida neste apartado. A dita relación acompañarase dos documentos xustificativos deles, pois non se tomarán en consideración nin serán estimados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

O tribunal valorará a realización de cursos de formación expedidos ou homologados por organismos públicos, colexios profesionais, sindicados e similares acreditados oficialmente, relacionados coa praza obxecto da convocatoria e coas materias incluídas no temario.

Soamente se computarán os cursos que quedan acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e/ou expresar con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de impartición.

Non se computarán os cursos non acreditados polo/a aspirante.

Valorarase os cursos de acordo co seguinte baremo: 0,10 puntos por hora de curso.

No caso dos centros homologados, debe constar esta homologación de forma expresa na documentación presentada.

DÉCIMA. CUALIFICACIÓN

As persoas aspirantes que superen a fase de oposición aplicaráselles a puntuación obtida na fase de concurso. A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso e a puntuación obtida na fase de oposición.

As cualificacións finais das/os aspirantes serán ordenadas con orde de prelación e publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal. No prazo de 3 días hábiles seguintes á publicación, poderanse presentar reclamacións ou alegacións as mesmas, todo isto sen prexuízo dos prazos legalmente establecidos para interposición dos recursos que as/os lexitimamente interesadas/os podan interpoñer na defensa dos seus intereses.

No suposto de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes dirimirase do seguinte xeito:

1º- Por aquel aspirante que acadara maior puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición.

2º- De persistir o empate terase en conta a maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional da fase de concurso.

3º- De persistir o empate decidirse por sorteo.

UNDÉCIMA.- RELACIÓN DE APROBADOS, ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS .

Una vez terminada a cualificación dos/as aspirantes, o Tribunal fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello, a relación de aprobados por orde de puntuación, precisándose que o número de aprobados non poderá superar o número de prazas vacantes convocadas. A dita relación elevarase ao Presidente da Corporación xunto coa proposta de nomeamento, con carácter vinculante, a efectos do seu nomeamento.

O tribunal non poderá propoñer un número de candidatos aprobados superior ao número de prazas convocadas. Non obstante incluírase unha relación de aspirantes (lista de reserva) que tendo superado os exercicios, non fosen propostos, co fin de poder ser nomeados en caso de que se produzan renuncias, baixas, etc.

Os/As aspirantes propostos/as acreditarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días hábiles desde a publicación da lista definitiva de aprobados no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

DÉCIMO SEGUNDA.- NOMEAMENTO DOS ASPIRANTES PROPOSTOS.

O Alcalde deberá nomear funcionario aos aspirantes propostos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello, para maior difusión.

Unha vez publicado o nomeamento de funcionario, deberase proceder á toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da dita publicación, tal e como establece o artigo 60 na letra e) da LEPG. Transcorrido o dito prazo sen efectuala entenderase que se renuncia á praza e ao correspondente nomeamento.

DÉCIMO TERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES

As persoas aspirantes propostas quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMO CUARTA . INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polas persoas interesadas recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do contencioso- administrativo de A Coruña ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao da publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo).

Aranga, 27 de decembro de 2023. O alcalde.

ANEXO I. SOLICITUDE DO/A INTERESADO/A

Datos do solicitante:

Nome e apelidos: D.N.I..... Grupo/subgrupo:.....

Escala:, Subescala:....., Denominación do posto:.....

Discapacidade: Sí Non
Grao:

EXPÓN:

Que, vista a solicitude anunciada no Boletín Oficial da Provincia, de data _____, en relación coa convocatoria para a provisión do posto de _____ en queda de promoción interna, mediante o sistema de concurso-oposición, conforme ás bases publicadas no Boletín Oficial da provincia número _____ de data _____.

(No seu caso) Que ao ter unha discapacidade, preciso de adaptación para realizar as probas selectiva. Adaptación de medios e tempo necesario:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Ser funcionario de carreira do Concello de _____, pertencendo á Escala de _____ Subescala: _____ e Grupo de Clasificación _____, de acordo co artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Ter una antigüidade de polo menos, dous anos como persoal funcionario de carreira no corpo ou escala desde o que se accede, segundo o disposto no artigo 18.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e o artigo 80.1.b) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Non superar a idade de xubilación forzosa.

Estar en posesión ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o título de _____.

TITULACIÓN, CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO, ANTIGÜIDADE E RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS:

Lingua na que desexo realizar o proceso selectivo (galego ou castelán):

Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto no artigo 80 e demais concordantes da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, admítase esta solicitude para o proceso de provisión referenciado.

En Aranga, a _____ de _____ de 202__

Asdo.

Deber de informar aos interesados sobre protección de datos

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos. Responsable: Concello de Aranga

Finalidade principal: Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.

Lexitimación: cumprimento dunha misión realizada de interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este concello. Art. 18 do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto lexislativo 5/2005, de 30 de outubro.

Destinatarios: Os datos cederanse a _____. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional.

Información adicional: Pode consultar a información e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.concellodearanga.gal

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARANGA

ANEXO II: TEMARIO ESPECÍFICO PARA A PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE SECRETARÍA

Tema 1.- A organización municipal. Órganos necesarios. O alcalde. Tenentes de alcalde. Pleno e Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios. Comisións informativas e outros órganos.

Tema 2.- As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias. Delegadas e competencias distintas das propias.

Tema 3.- Réxime de sesións dos órganos de goberno local. Convocatoria. Desenvolvemento e adopción de acordos. As actas. Remisión das actas.

Tema 4.-O Rexistro de documentos. Rexistro físico e Rexisto electrónico. Intercambios rexistrais.

Tema 5.-Os servizo de información administrativa. Información xeral e particular ao cidadán.Iniciativas, reclamacións, queixas e peticións. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións.

Tema 6.- Especial referencia á Administración electrónica. Sede electrónica e tablón edictal da sede electrónica.

Tema 7.- Disposicións xerais sobre dos procedementos administrativos e normas reguladoras dos mesmos. Iniciación. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación e Instrucción. Terminación.

Tema 8.- A responsabilidade patrimonial da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo da Administración. Procedemento de responsabilidade patrimonial.

Tema 9.- As formas de acción administrativa das entidades locais. A intervención administrativa local na actividade privada. As autorizacións administrativas. As súas clases. O réxime das licenzas. A comunicación previa e a declaración responsable.

Tema 10.- Ordenanzas e Regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Especial referencia á Ordenanza reguladora da actividade de corta forestal, depósito, carga e transporte de madeira no concello de Aranga.

ANEXO III.: TEMARIO ESPECÍFICO PARA A PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE INTERVENCIÓN

Tema 1- O patrimonio das entidades locais: bens e dereitos que o conforman. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens.

Tema 2.- Os recursos das facendas locais. Os tributos locais: principios. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: contidos das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento de recursos non tributarios.

Tema 3.- O orzamento xeral das entidades locais: concepto e contido. Especial referencia ás bases de execución do presuposto. A elaboración e aprobación do orzamento. A prórroga do orzamento.

Tema 4.- A Liquidación do orzamento. Informes de subministro de información á Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Tema 5.- O Réxime xurídico do gasto público local: Execución do gasto público local: execución do orzamento. Orde de prelación dos gastos.

Tema 6.- As modificacións de créditos. Modalidades. Expedientes de tramitación.

Tema 7.- Control e fiscalización orzamentaria. Rendición de Contas.

Tema 8.- Contabilidade. Operacións de fin do exercicio. y rendición de cuentas.

Tema 9. - A actividade subvencional das Administracións Públicas. Procedementos de concesión e xestión de subvencións. Reintegros de subvencións. Control financeiro. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

Tema 10.- Os contratos públicos. Clasificación dos contratos. Procedementos de selección de contratista. Adjudicación, formalización e execución del contrato. Extinción do contrato .

Aranga, 5 de marzo de 2024

O alcalde

Asdo.Alberto Platas Álvarez

Praza Mestre Mosquera n.º 1 15317 ARANGA (A Coruña)
Teléfono 981 793 551 Fax 981 793 581 correo@aranga.gal